



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE VADOS.

Os artigos 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local (LBRL en adiante) e 80.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), establecen que o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Por outra parte o artigo 75 1º.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, considera a utilización dos bens de dominio público como uso especial se concorreran circunstancias deste carácter pola perigosidade, intensidade do uso ou calquera outra semellante. Engadindo o artigo 77 que o uso común especial dos bens de dominio público se suxeitará a licenza, que se outorgará directamente, salvo si por calquera circunstancia se limitare o número das mesmas, neste caso sería por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados houberan de reunir as mesmas condicións, mediante sorteo.

Os vados de acceso de vehículos e a reserva de vía pública, inherente aos mesmos, supoñen un uso común especial dos bens de dominio público, como son as vías públicas urbanas incluídas as súas beirarrúas, de maneira que están suxeitos a licenza ou autorización.

Pola súa parte o artigo 8 da Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais de acordo co disposto no artigo 53 da Lei de forzas e corpos de seguridade, establece que son funcións dos corpos e de Policía Local, entre outros, ordenar, regular, sinalizar, denunciar infraccións e dirixir o tráfico no ámbito da súa competencia no solo urbano legalmente delimitado, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria.

A este respecto o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece as competencias dos Municipios nesta materia, entre as que se encontran na súa letra c) a retirada dos vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen ou dificulten a circulación, supoñan un perigo para esta ou se encontren incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido. Engadindo o artigo 39.1.c) respecto das prohibicións de paradas e estacionamentos que, queda prohibido parar nos carrís ou nas partes da vía reservadas exclusivamente para a circulación ou servizo de determinados usuarios, prohibindo no apartado 2.f) estacionar, xunto a outros casos, diante dos vados sinalizados correctamente.

Nesta liña, o artigo 71 determina os supostos de retirada do vehículo para os que poderá procedela Administración, de acordo co que regulamentariamente se determine, como poden ser sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación

de vehículos e peóns ou ao funcionamento dalgún servizo público e cando permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para o circulación ou para o servizo de determinados usuarios.

Pola súa parte o artigo 91.2c) do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, considera paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculizan gravemente a circulación os que constitúan un risco ou obstáculo á circulación, entre outros supostos, cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmobile de persoas ou de animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente; e considerada infraccións graves segundo o artigo 65.4.d) desta disposición.

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Artigo 1º. Obxecto.

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso ou aproveitamento especial dun ben de dominio público, pola entrada e saída de vehículos a inmobles urbanos desde a vía pública través das beirarrúas, beiravías ou outros espazos de uso público, coa conseguinte e necesaria prohibición, no seu caso, de estacionamento nos espazos da mesma que conforman os accesos e saídas.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación.

A regulación contida na presente Ordenanza afecta ao solo clasificado como Solo Urbano no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Meaño.

Artigo 3. Concepto de vado.

1. Enténdese por vado na vía pública toda modificación de estrutura da beirarrúa e beiravía destinada exclusivamente a facilitar o acceso de vehículos ós inmobles fronte ós que se practiquen.

Igualmente considérase vado a todo espazo público utilizado para a entrada e saída de vehículos dende os inmobles ou propiedades fronte ós cales se autorice, independentemente da estrutura física da beirarrúa, beiravía ou calzada fronte ós mesmos.

2. Queda prohibida toda outra forma de acceso utilizando ramplas, instalación provisional de elementos moveis como corpos de madeira ou metálicos, colocación de ladrillo, arena, etc., salvo en casos excepcionais e por motivos xustificados, outorgándose mediante resolución especial. Non se esixirá o rebaixe de beirarrúa en aqueles casos nos que a beiravía teña unha altura igual ou inferior a 6 cm.

Artigo 4. Tipos de autorizacións.

As autorizacións de entrada e saída de vehículos a inmobles urbanos dende as vías públicas, poderán ser:



- 1.- Con vado de uso temporal
- 2.- Con vado de uso permanente

Artigo 5. Vado temporal.

Enténdese por **vado temporal**, aquel cuxa utilización é posible durante tódolos días laborables do ano, de luns a sábado, en horario de oito (8) e as vinte (20) horas, quedando o espazo libre para uso público, durante o resto das horas e en domingos e festivos.

Artigo 6. Vado permanente.

Os vados de **uso permanente** permitirán o paso de vehículos tódolos días da semana e durante as vinte e catro horas do día e fronte ós mesmos non poderá ser estacionado vehículo algún.

CAPÍTULO II CONCESIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE VADO.

Artigo 7. Autorización municipal

Os usos a que se refire o artigo 1 da presente Ordenanza só poderán realizarse previo outorgamento da correspondente autorización por parte do Concello.

A utilización dos espazos das vías públicas para a entrada e saída de vehículos, constitúe un uso e aproveitamento especial, xa que beneficia, especificamente, a particulares interesados e produce limitacións ao uso xeral das mesmas, por elo, esas autorizacións terán carácter discrecional e restrictivo e concederanse salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, non creándose ningún dereito subxectivo a favor dos beneficiarios, que poderán ser requiridos para suprimir a entrada de vehículos e repoñer, no seu caso, a beirarrúa ou o espazo público ao que afecte, soportando os gastos que conleven as obras de reposición, podendo ser revocadas, tamén, en calquera momento, por razóns de interés público, interés urbanístico ou razóns de ordenación do tráfico e polas causas sinaladas no artigo 13.1 da presente ordenanza.

1. As autorizacións de paso de vehículos polas rúas peonís, beirarrúas, beiravías, zonas peonís ou outros espazos de uso público, permitirán a circulación de vehículos ata aqueles inmobles que se sitúen nas mesmas, utilizando o recorrido mínimo imprescindible.

O seu outorgamento prohibe o estacionamento fronte ós mesmos de todo tipo de vehículos, incluídos os destinados a carga e descarga de mercadorías ou a instalación de obstáculos que dificulten o acceso.

2. Estas autorizacións concederanse a garaxes e aparcadoiros comunitarios, garaxes e aparcadoiros de vivenda unifamiliar, así como a aqueles locais, establecementos ou equipamentos nos que se exerza unha actividade comercial,

mercantil, industrial ou de servizos, cando a índole das mesmas xustifique ter o acceso libre temporal ou permanentemente.

3. Ditas autorizacións sinalizaranse convintemente, segundo o modelo normalizado polo Concello, conforme o establecido nesta ordenanza.

Artigo 8. Titulares das autorizacións.

As autorizacións reguladas na presente Ordenanza concederanse ás persoas físicas, xurídicas ou comunidades de propietarios que figuren como titulares dos garaxes, aparcadoiros, ou locais correspondentes. Cando a autorización é solicitada por un inquilino deberá aportar autorización do propietario para a instalación do vado correspondente. A concesión destas autorizacións dará lugar ó devengo da correspondente taxa. A falta de pago da taxa poderá dar lugar a perda das autorizacións previas concedidas.

Artigo 9. Efectos da autorización.

O outorgamento da autorización de vado, previo pago no seu caso da tasa prevista na Ordenanza Fiscal e cumprindo tódalas obrigas que se sinalen nesta Ordenanza producirá os seguintes efectos:

a) Permitirá, previa licenza de obras menores, si fose necesario a construción do correspondente vado, segundo se define na presente Ordenanza.

b) Permitirá a entrada e saída de vehículos ao inmovible durante as horas e días para os que a autorización houbera sido outorgada.

Nas maniobras de entrada e saída adoptaranse tódalas medidas necesarias para garantir a seguridade vial dacordo co establecido na vixente normativa de tráfico.

Artigo 10. Solicitudes e documentación a presentar.

A solicitude das autorizacións que se conteñen nesta Ordenanza realizarase a instancia dos interesados por medio do modelo de solicitude que figura como anexo I, dirixido ó Sr. Alcalde; acompañado dos documentos que se indican nos apartados seguintes:

a) Fotocopia do DNI. do solicitante

b) Xustificación de ser propietario ou arrendatario das fincas ou locais (mediante título de propiedade ou certificación catastral).

c) Documentación gráfica na que se represente con exactitude:

Plano de situación do inmovible (Obtido do PXOM, usos pormenorizados escala 1:2000).

Fotografía da porta de acceso ao inmovible, ou do lugar onde se queira instalar.

Artigo 11. Órgano competente para o outorgamento da autorización municipal.

1. As autorizacións contempladas nesta Ordenanza serán concedidas pola Xunta de Goberno Local.



2. O expediente iniciárase a instancia de parte e será sometido a informe da Policía Local, no que se fará constas implicacións que puidera supor para a seguridade vial a concesión da autorización.

3. Resolución do expediente e notificación ao interesado.

4. Reaída resolución favorable procederáase a liquidación da taxa prevista na correspondente Ordenanza Fiscal.

5. A cada resolución favorable daráselle un número que será correlativo e quedará reflexado na correspondente placa. Tamén se reflexará, como mínimo, o beneficiario, o tipo de vado, a situación do inmovible, metros lineais de ocupación e tódolos extremos e condicións específicas con que se houbera concedido a autorización.

Artigo 12. Vixencia

As licenzas que se outorguen terán unha vixencia de 5 anos prorrogables automaticamente por períodos anuais, salvo baixa voluntaria do peticionario ou revogación da licenza por parte do Concello segundo o establecido nesta ordenanza.

CAPÍTULO III. REVOGACIÓN, EFECTOS DA REVOGACIÓN, CAMBIOS DE TITULAR E CARACTERÍSTICAS.

Artigo 13. Revogación da autorización.

1. As autorizacións de vados quedaran sin efecto nos seguintes supostos:

- a) Pola falta de conservación en perfecto estado do pavimento da beirarrúa, da beiravía o ou do espazo destinado á entrada de vehículos e afectada polo acceso.
- b) Pola falta de uso ou uso indebido do vado.
- c) Pola desaparición das circunstancias que motivaron o outorgamento da licenza ou cando sobreveñan outras que, de existir, haberían xustificado a súa denegación, así como cando se adoptasen novos criterios de apreciación.
- d) Por falta de pago das taxas establecidas na correspondente ordenanza fiscal.
- e) Polo incumprimento de calquera das determinacións impostas nesta ordenanza ou na licenza de vado.
- f) En calquera momento, por razóns de interese público e mediante resolución motivada, o Alcalde poderá revocar a licenza.
- g) Por finalización do prazo da concesión.
- h) Por renuncia expresa do seu titular.

2. Procedemento de revogación.

Previamente a revogación da autorización polas causas previstas no punto anterior requirirase ao titular da mesma para que nun prazo de 15 días cumpra coas obrigas cuxo incumprimento motive o requirimento, co apercibimento de que de persistir no mesmo adoptarase acordo polo que se deixará sen efecto a revogación.

A revogación da licenza en ningún caso outorgará dereito a esixir indemnización o seu titular.

3. A revogación ou extinción da licenza obriga ao seu titular á retirada inmediata da placa de vado e á execución das obras de reposición da beirarrúa, a beiravía ou do espazo destinado á entrada de vehículos ao seu estado orixinario. De non proceder polo interesado a retirada das placas, as mesmas poderán ser retiradas por persoal municipal a costa do interesado, sen prexuízo da iniciación do expediente sancionador que corresponda.

4. Efectuada a reposición do rebaixe da beirarrúa, da beiravía o ou do espazo destinado á entrada de vehículos ao seu estado orixinal e comprobada dita circunstancia polos Servizos Municipais, darase traslado á Sección de Tributos para proceder á baixa o seu titular no correspondente Padrón recadatorio.

Artigo 14. Cambios de titularidade.

1.-As autorizacións contempladas nesta Ordenanza a efectos de autorizacións de vados, en calquera das súas modalidades, serán transmisibles, sempre e cando non varíen as condicións que motivaron o seu outorgamento, previa inspección polos servizos municipais. A tales efectos realizarase comunicación ó Concello mediante un escrito no cal deberá constar entre outras circunstancias, que o antigo titular manifesta a súa conformidade.

2.-O cambio de titularidade non xurdirá efectos en canto a administración municipal non emita resolución ao respecto.

Artigo 15. Cambios nas características.

As ampliacións, reducións ou modificacións nos vados deberán solicitarse polo seu titular seguindo o mesmo trámite que para a súa concesión.

CAPÍTULO IV. OBRIGAS DOS TITULARES.

Artigo 16. Obrigas do titular.

OS titulares dos vados están obrigado a:

- a) Facilitar a actividade inspectora dos Servizos Municipais.
- b) Manter en perfecto estado de conservación o treito de beirarrúa, da beiravía o ou do espazo destinado á entrada de vehículos e afectada polo acceso.
- c) Conservar e manter a sinalización vertical e horizontal.
- d) O pago das taxas establecidas na ordenanza fiscal correspondente.
- e) Exhibir a licenza de vado e o recibo do pago das taxas do ano en curso cando llo requiran os Axentes da autoridade.
- f) Comunicar, por escrito, ao Concello, calquera cambio ou modificación que se produza en canto á autorización concedida ou obxecto da mesma.

Artigo 17.- Responsabilidades.



O titular da licenza de vado é responsable de todo dano que sufra o treito de beirarrúa, da beiravía ou o espazo destinado á entrada de vehículos e afectada polo acceso. O Concello poderá esixir en todo momento a súa reparación, reforzo ou acomodación ó paso pretendido, tanto como condición previa á licenza como trala súa concesión. A estes efectos, será responsable tamén, cando proceda, o propietario do inmovible ou local.

Artigo 18.- Gastos.

Tódolos gastos de realización, se fose necesario, do vado, sinalización, instalación, supresión e restitución ás condicións orixinais serán de conta do solicitante, quen responderá así mesmo, do seu mantemento en perfectas condicións.

Artigo 19.- Taxas.

Estas licenzas estarán suxeitas ao pago das correspondentes taxas, con suxeición ás normas contidas na correspondente Ordenanza Fiscal Reguladora.

CAPÍTULO V. DA SINALIZACIÓN DOS VADOS.

Artigo 20. Sinalización

Estará constituída por dous tipos de sinalización:

1. Vertical:

a) A sinalización vertical, estará necesariamente adosada á fachada, colocada sobre a porta de acceso, salvo que as características da edificación non o permitan, en cuxo caso se situará en calquera outro lugar de forma que inequivocamente se identifique a porta de entrada e saída. Por razóns excepcionais, como a existencia de edificios retranqueados ou outras circunstancias especiais, poderase sinalizar cun duplicado para facilitar o acceso á beirarrúa.

b) A sinalización vertical axustarase ao modelo homologado por este Concello consistindo nun disco de prohibición que conterá, en todo caso, o número de licenza correspondente, o escudo do Concello e a denominación de uso permanente ou temporal. En caso deste último, presentará os días e horario da súa utilización.

2. Horizontal:

A sinalización horizontal consistirá nunha franxa amarela de 15 cm. de ancho e de lonxitude correspondente á da porta e a zona que se corresponda de calzada segundo a normativa vixente ó respecto.

3. Este tipo de sinalización só se autorizará a instancia de parte, e a súa concesión farase constar na autorización correspondente.

4. O titular da autorización estará obrigado a manter a sinalización tanto vertical como horizontal nas debidas condicións de conservación e visibilidade.

Artigo 21. Prohibicións.

Queda expresamente prohibida a instalación de outro tipo de placas e carteis indicadores de prohibición de estacionamentos, así como calquera utilización de sinais horizontais ou verticais que non sexan as sinaladas.

Así mesmo a realización de calquera dos usos regulados nesta Ordenanzas en a correspondente autorización, conllevará:

- a) O impedimento do uso de paso de vehículos ao inmovible e a retirada das placas que se huberan situado na entrada dom esmo.
- b) A imposición da correspondente multan a contía que se determine na presente ordenanza segundo a súa tipificación.
- c) O Requirimento para quen o prazo de quince días se proceda a solicitar a correspondente autorización ou a repoñer o espazo destinado á entrada de vehículos aos eu estado orixinal.

CÁPITULO VI. ACTIVIDADES DE CONTROL.

Artigo 22.- Inspección

O Concello poderá realiza-las comprobacións e inspeccións que considere oportunas por medio dos seus axentes. A resistencia ou negativa a permitilas poderá traer consigo a revogación e, no seu caso, a incoación do expediente sancionador que poida corresponder

Artigo 23. Actuación da Policía Local.

1. Os Axentes da Policía Local deberán controlar o uso fraudulento dos vados, emitindo o correspondente informe á Alcaldía.

2. Procederán a denunciar as infraccións por estacionamento de vehículos nos lugares autorizados e debidamente sinalizados como vados.

3. Poderán proceder á retirada de vehículos da vía e posterior depósito cando perturben a entrada e saída de vehículos dos inmobles con vados autorizados.

CAPÍTULO VI. RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 24. Infraccións.

Sen prexuízo das infraccións que poidan estar contempladas na lexislación correspondente en materia de tráfico e seguridade vial, considéranse as seguintes:

a) Infraccións leves:

1. O acceder ou saír dun inmovible a través das beirarrúas, zoas peonís ou similares sen contar coa autorización correspondente.

2. Non haber regularizado a situación do vado do inmovible, garaxe ou local, dentro dos prazos contemplados nas disposicións transitorias.

3. Estacionar calquera vehículo diante dos vados debidamente sinalizados e autorizados pola autoridade municipal.



4. Obstaculizar de calquera forma a entrada e saída de vehículos a través dos vados autorizados.
5. A utilización doutro tipo de placas e carteis indicadores de vados distintos ós autorizados por este Concello.
6. Calquera outra infracción ós preceptos da presente Ordenanza que non se regulen como graves ou moi graves.

b) Infraccións graves:

1. O non proceder á reparación dos danos ocasionados nas beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos, tras ser requirido para elo nos prazos establecidos.
2. A resistencia ou negativa a permitir ás inspeccións dos Axentes da Policía Local.
3. A utilización da sinalización homologada unha vez caducada, suspendida ou revocada a autorización correspondente.
4. Reincidir na comisión de tres faltas leves en dous anos.

c) Infraccións moi graves:

1. A colocación dunha placa de vado nun lugar diferente para o que foi concedida.
2. A reincidencia das infraccións graves

Artigo 25. Sancións.

As infraccións a que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) En caso das infraccións leves:
 - Multa de ata 100,00 euros.
- b) En caso das infraccións graves:
 - Multa de 101,00 a 300,00 euros.
- c) En caso das infraccións moi graves:
 - Multa de 301,00 a 900,00 euros.

Artigo 26. Órgano competente.

A competencia para a imposición de sancións reguladas no artigo anterior correspondelle ao Alcalde e estarase ao procedemento establecido polo Real Decreto 1398/93, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición adicional.

Facúltase aos Axentes da Garda Civil para realiza-los cometidos descritos no artigo 23 en aqueles horarios que non se encontren de servizo os funcionarios da Policía Local, sen prexuízo de remitir as denuncias efectuadas ó órgano competente do Concello para a súa tramitación.

Disposición transitoria.

Os beneficiarios das actuais autorizacións irán actualizando as sinalizacións dos vados segundo as disposicións desta Ordenanza no prazo de dous anos.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte a súa publicación íntegra no “Boletín Oficial” da Provincia, conforme dispón o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Meaño, 4 de febreiro de 2010
O Alcalde

Asdo. Jorge Domínguez Rosal



Dilixencia: Poñoa eu a Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño par afacer constar que a presente Ordenanza Municipal reguladora de vados, foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 8 de febreiro de 2010.

Meaño, 9 de febreiro de 2010
A Secretaria-Interventora

Asdo. Mª Teresa Escudero Barral

